

A·N·G·L·A·T·E·R·R·A

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

Redacción e Adeministración: PASEIO MÉNDEZ NÚÑEZ (Irmandade da Fala)

Número 81

A CRUÑA 15 DE FEBREIRO DE 1919

PREZOS DE SUSCRICION

Na Cruña ó mes, 40 cts.
Coste dun númer. 15 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.
América, id. 2 »

Pagos adiantados

DO FERROCARRIL DA COSTA

Tembra terra ou a conquista de Madri

Nós non podemos ser sospitosos no que ó ferrocarril da Costa respecta. Nós falamos sempre claro, de xeito cristalino, orredor d'este vello pleito. E hoxe hemos filar co'a rudeza percisa, porque somos conscientes e ninguén nos engayola.

Encheunos d'asombro, deixounos parvos abófe, o acordo tomado na derradeira Asamblea local do Ferrol acerca do asunto. Dispos d'isa Asamblea, berramos con tódolos folgos da nosa yalmia: ¡Tembra terra!

¿Saben os súffores asambleistas ó que s'espoñen co'a sua determinación tan radical e revolucionaria? ¿Non se decatan de que c'o seu proyecto d'un mitin na villa-charca corteana e co'a sua anunciada visita a El Rei, e co'a intervención dos representantes cunellos, pode tinguirse de sangue o Manzanares e moitos dos que tomen parte n'ise movimento tan fero poden iren dar c'os seus osos na barra dalgún dos formidables navios ancorados no estanque do Retiro?

¡E d'abondo sería a resolución dos mem-

bros da Asamblea do Ferrol! Irle ó Governo n'estes tempos de tantas preocupacións a querer mais os miolos facendo un terrible mitin en Madri e nada menos que buscando a axuda de dous focos de bolchevismo tan grandes com'o "Centro Gallego," e a "Casa de Galicia," onde coase non hal socio que non leve baixo do brazo unha bomba carregada co'a impidente sustancia esprosiva de dínamo un destino... é cousa antipatriótica. Por patriotismo, cando se fixo aquela Asamblea no Ferrol á que concorrían representacións d'Asturias e Galicia, os políticos puxéranlle a figura. Diclan que non era oportun. Por patriotismo logo, a Xunta Permanente dera orde de suspender os mitis que xa se tiñan organizado en varios pobos da nosa costa. ¡E agora, cando mais percisa é a prudenza, ocúrreselles a unhos súffores iren a Madri por todo! ¡Malpocadó!... ¡Cando a nal Hespafía, en preno século XX, dispóns da guerra europea, ten ó primeiro departamento marítimo tan illado coase, respecto a comunicacóns, coma nos tempos do paletó de Fernando VII, por algo terá de sere. ¡Non inventaron xa unhos xermanófilos de pan levaron que a perfida Albló oponfiase a esa línia de ferro? E pols entón, amigüños, ¿por qué non tedes más calma e sosego? Si temos agardado corenta anos pol-o ferrocarril da Costa, inda que agardemos un século enteiro, por patriotismo, parezmos que non será m'ito agardarwo!.

¡Ai, un mitin en Madri, evos unha cousa definitiva! A axida dos vosos diputados, espondendo a ficar súa acta, porque c'o voso xesto obligeádeslle a rifar c'os seus amos abogados dos consellos d'adoministración das grandes compañías de quene; recibian a investitura parlamentaria; a colaboración do "Centro Gallego," onde as mantigadas d'Astorga son prato favorito, e a da "Casa de Galicia," onde hai homes dispostos a por duas bebas contra d'un Rei a cotío; unha visita a don Alfonso, para pidirlle que nos dea o que os seus ministros responsables o non queren donárenos, pretendendo esnaquizar así a esencia do réxime constitucional... Nós non podemos mostrarnos conformes con isto... Nós avisamos a tempo, lavando as maus con auga de ceras... pois maximamos que Isa crás d'auga

virá sere o simbo da terrible epopela en proyeuto, dina de novos Sueros de Quíños que arelan un novo paso honroso.

¡E logo as valentes ajesiós de Gullón e Souto Regueral! ¡E a terrible interpelación bomba encarregada a Leonardo Rodríguez! A cousa vaise pondo de tal xeito que arrepia...

Galicia tarda en despertare, mais cando desperta... é d'unha lúponente orixinalidá. A outro pobo calquera ocurrirífaselle unha cousa vulgar: facer organizacións nas comarcas intresadas no pleito, que fosen base d'unha excitación contínua e d'unha contínua e rexia propaganda, hasta que houbese unha concencia colectiva ó longo da costa, capaz de todo incruso de acabar c'os diputados inútiles. Isto non sería obra de romanos, nin moi meno.

Pero isto dicírnannos quizáis que era imitar ós catalans. Isto podería levarnos a termos perigosos: os de chegar, verbigracia, a crear unha forza propia, unha forza galega que non conven... ós patriotas. Esto sería o natural, mais xa dixemos denantes que os da bandí d'acó do Sil somos moi orixínas.

Cataluña non fixo mitis en Madri. Fixeos en Cataluña. E cando foi a Madri, foi a falar no nome d'unha opinión ergueita, posta en pe. Agora mesmo Murcia en comicios populares, programa a necesidade de tódal-as violen-

CADRO BRANCO

Nos desexarfiamos que o exemplo de Granada cunda por toda Andalucía, s'espalle pol-as cidades de Castela e ruba hasta as fermosas terras da Galicia onde o caciquismo toma xelos tan repunantes, que non sabemos como a istas horas non arde tod'o pobo galego en fonda indignación e resolvi o problema da sua redenzón por medios mais rápidos á forza de protestas públicas e rexas.

¡E son os homes proteutores do caciquismo que atoga o progreso hispánio, quenes s'atreven a pidir a autonomía dos Concellos ó mesmo tempo que o pobo s'ergue alritado contra das tropellas que se cometan nos exuntamentos baixo o amparo dos mesmos que oponen á concepción dos fortes poderes rexionáis a idea das libertades do Concello! ¡E unha bulsa mais que añadir á historia dos señoritos da Rexencia!

(D'El Sol, de Madri.)

CADRO MOURO

Os diputados gassetistas agora chámase diputados "agrarios". E cousa para rímonos xa que, de momento, non podemos facer que eles choren.

O de Gasset é o caciquismo mais noxento na nosa Terra. Gasset, que nunca fixo nada por Galicia e en troques dende o "Imparcial" defendeu sempre os intereses dos grandes trigueiros castelos, o feudalismo d'aqueles amos de latifundios que teñen ós seus labregos en xeito d'esclavos, resulta dos mais culpables do empobrecimento da nosa economía rural por mor dos bárbaros aranceles cerealistas.

¡Agrarios os diputados cuneiros gassetistas! ¡Agrario o viturrismo e o allerismo! ¡Agrarios os que quixerón ensayar unha nova política hidráulica a base do sangue das vítimas de Nebra! Lembrémonos da traxedia do Porto do Son.

¡Que santa xenreira haberá que semear nas boas almas para que a cidadanía galega estoupe en xeito redentor!

clas si lle non da o Goberno o ferrocarril hasta Mula. Arde Mula en xenreira pol-a mesma causa.

Pero Galicia ten que ser mais que... Mula... E Galicia, val a Madri por todo. Galicia é mais radical: quere chantar no corazón da vella Hespaña centralista o ferro da xusticia. Quere darlle a puntilla á viscera céntrica apodrecida.

E veredes, veredes, como se faga o mítin moustro na vilacharca... Veredes as reseñas dos xornás, veredes ás gabanzas que os seus agradecidos eleutores por força lles mandan ós diputadíños que dende corenta años á data venen traballando coma feras para conquetar ese ferrocarril tan arelado. Veredes o "Centro Gallego", e a "Casa de Galicia", botando os figados poi-a boca. E veredes, derradeiramente, coma Pero Grullo e Xedeón, d'acordo con nosco, dicirán sobre pouco mas o menos: teredes o ferrocarril da costa cando tesiñades demostrado merecelo, cando os vosos pobos fagan por il o que é perciso facere. Namentras o agarden de argalladas e d'unhos políticos que somente temen ós que se fan temere... estades aviados.

¡Oh, ese mítin monstro en Madrid! ¡Béula os que o maxínaron!

¿E quenes han sere os héroes que cheios de gallardía se dicidan a iren á Corte? ¿Quenes han sere esos modelos d'enerxéticos, esos rádicáis tan terríbres?

Nunca en ningures se ten dado un exemplo más outo de cidadanía. Temos que escribir con letras d'ouro o acordo da Asamblea do Ferrol, o acordo d'isa Asamblea onde dous obreiros foron os únicos que souberon posíbelos puntos sobr'as is.

Noutra ocasión espúñemos xa ista idea. Os gobernantes din que o ferrocarril da Costa é moi custoso. Si é obra necesaria, no orde rexional e no orde interrexional, o do custe non pode ser razón que abone o que non se faga. Pero dándoa por boa... Sin gravar nada o Tesouro; favorecendoo, en troque, hal a posibilidá de facelo axilia sin sacrificio maior para ninguén. Que autorice o Goberno, pois pode autorizalo c'unha lei especial, o creare unha contribución transitoria nos pobos e comarcas d'Asturias e Galicia que c'o ferrocarril han beneficiárense; unha contribución transitoria de duas categorías: unha maior para aquela zona na que mais directamente se sinta o influxo da liña de ferro e outra menor para a que reciba o progreso de xeito máis indireito, ambas couzas de ben doada determinación encomendadas a técnicos, e veredes si aparecen ou non os millós perciso para a via da Costa.

Si non se fai ista, si non se ten feito é porque moitos "Crispis", andan termando noite e dia dos seus "intereses creados", namentras os Gobernos saben, porque se trata d'un segredo a berros, que elqui non hai opinión, nin cidadanía, nin nada, agás servos, carneiros e eunucos.

E un problema de violencia o problema do

ferrocarril da Costa, como tantos outros problemas. E non lle diades vo'tas ó argadelo. E cousa d'esixir e non de pidire.

E cousa de todo; pero, principalmente de darlle as costas a Madri. Cando os xornás calquies de Galicia, que son todos—por que un ou dos resultan escépticos confirmado a regla

—non louben ós que traballen pol-o ferrocarril da Costa, e cando poderedes dicir: agora limos por bó camiño. O demais resulta ridículo e contribue a afundir mais ó pobo na lama do incivilismo, facéndolle agardar todo d'unhos cantos. O demais é provincialismo e isidismo. ¡Está crarifio?

DO POETA DA RAZA

A cantiga das nenas

Somella o sol, ó morrer
de lús ardente coroa.
A bris d'aromas callada:
co as follas das árbores xoga.
Na praxia do cruceiro,
collidas as mans, en roda,
as meniñas aldeanas
coma anzeliños revoan
cántando, con triste deixío,
esta canción melancólica:

"Era un garrido galán
fillo d'un rei e unha reina
que, n'unha terra lonxana,
adoraba unha princesa.
A pelexar contra o mouro
salu o mozo pra a guerra:
no seu castelo a nena
ficou chorando de pena.

Loitando coma valente,
pensando na branca nena,
ferido en médeo do peito
morreu o galán na guerra.
Na alta fenestra da torre,
doente de mal d'ausencia,
fitando un branco camiño
morreu d'amor a princesa.

No roxo campo da lotta,
envolto n'unha bandeira,
onde trunfara morrendo
deron ó príncipe terra.
Na Igrexa do seu castelo,
entre rosas e azucenas,
c'unha surixa nos labios
durmindo está a branca nena...

Tremen as follas das árbores
ó sopro da bris que chora.
Toca á oracions. As meniñas
calan e desfán a roda.
A praxia do cruceiro
vive o misterio das sombras.

MALAS ORIENTACIOS

O VELLO COMERCIO

Don Ricardo V. Miralles, comerciante da Cruña, ten publicado fai poucas datas un comunicado nos xornás d'isa cidade. Di n'él que o resultado de certas cousas xa s'está topando, pois desparecen da Cruña negocios importantes "cimentados d'antigo".

O comercio cristián, com' o de toda Galicia e o de Hespaña enteira, en xeneral, e un comercio atrasado. "Cimentado d'antigo", cástalle caro axentarse ás necesidades da vida moderna. Vaise trocando o ambiente de tódolos nosos pobos, más o noso comercio, d'ordinario, permanece como fai medio século atrás.

—non louben ós que traballen pol-o ferrocarril da Costa, e cando poderedes dicir: agora limos por bó camiño. O demais resulta ridículo e contribue a afundir mais ó pobo na lama do incivilismo, facéndolle agardar todo d'unhos cantos. O demais é provincialismo e isidismo. ¡Está crarifio?

Probiña

A frebe seus cores al'a.
As brancas sabáns do leito
somellan unha mortalla.
¡Está enfermísia do peito!

¡Non barulledes! Deixa
que durma e sofie! Deixa-la,
que o soyo bater d'un áa
abonda pra despertala!

Hai nos seus ollos lus de fentizo,
como de monxa que do mosteiro
no solitario xardín sombrizo
vive a lembranza do derradeiro
bico doente
do ben fuxido,
sempre persente,
nunca esquecido!

Rio de bágoas sua cara rega,
choro de acedo dor, sin consolo,
com' o da probe orfiña cega
que non atopa pano ni'l colo
onde o enxoite,
e resiliada
vive unha noite
sin alborada!

Sua frente murcha, triste, refrexa
mortos brancos de hética noiva
que trás os vídros tusindo, axixa,
na feixa tarde de vento e cholva,
un adorado
descocieido,
sempre aguardado
e nunca visto!

¡Probial! ¡Que non vos olle!
Andade pouquíñio a pouco
que calquéventílio a tolle,
despértaa calqué saloucol!

As brancas sabáns do leito
son mortalla d'un amor.
¡Está enfermísia do peito...
e o laranjal está en fror!

RAMÓN CABANILLAS.

Mós.

E d'elqui nasce esa descomprensión entre dependentes e patrós. O comerciante "cimentado d'antigo", quere que o sistema de traballo e de ganancia d'oxe seña coma antano. E si non consigue isto, debido a que xa ten feito seu capital "pol-a vella", para librarse de crebadeiros de cabeza, non atopa outra solución millor que ameazar c' o pecho do establecimiento. Nós coidamos que estas determinacíos un pouco antieuropeas, inda que de momento perxudiquen a muitos dependentes, ó longo resultarán benficiosas.

O noso comercio en grande, non ten direito a fachenda. Foi un comercio, poi-o regular, egoista, apertado. Vendo as zonas nas que iliaiuaba fallas de medios de comunicación, non tivo arrestos para establecer servicios de ca-

miós automóves e de vapores pequenos de cabotaxe, que houberan transformado progresivamente as relacións entr'a Cruña e os pobos de xelito comercial relacionados co'a Crñia.

Quería ganancias cada vez maiores, sin espoer nada en beneficio de todos os seus clientes e d'el mesmo.

Non nos produce pena, pol-o tanto, a desaparición da Crñia, d'esos negocios importantes "cimentados d'antigo".

Fallois d'eles, teremos axiña outros de xelito moderno que é o comenente.

Non; non é a dependencia o perigo: o perigo é a nosa preguiza, a nosa rutina, o noso desconecemento da realldade, hasta a maldita falla de patriotismo e de cidadanía. O analphabetismo espiritual da maior parte dos homes de cartos da terra e a colonización comercial que sofrimos,

A Crñia, tería de ser un gran foco de comercio e industria, si o capital saíra da antipatriótica conta corrente dos Bancos, tamén rutinarios d'abondo, para facer tranvías a Sada, Arteixo e Santiago. E si na comarca crñesa nascera unha forte opinión que impuxera o ferrocarril da Costa e o da nosa cidade a Carballeiro e Corcubión. Entón, señor Miralles e demás comerciantes "cimentados d'antigo", surdirían negocios importantes c'os que nunca sofiaron cantos se teñen feito ricos "pol a vella".

Aquí atoparán os xornás crñeses tema para bóis artigos.

Por mais que non poden falarlle francamente ó comercio.

Biblioteca Galeguista

Vense imprimendo o primeiro volume d'ista Biblioteca que está chamada a conquerir un bó éxito.

Axiña poráse á venda, editada luxosamente con custe moi pequeno para quenes queiran mercala a fermosa novela do gran poeta Gonzalo López Abente "O Diputado por Veiramar", que leva unha portada artística do xenial Castelao.

Tamén se ven imprimendo unha "Gramática Galega" que, pol-a sua sinxeleza e claridade, atopará innumerables leitores.

Axiña s'imprenderá asimesmo, a fermosa farsada en dous pasos do insigne poeta da raza, Ramón Cabanillas, nomeada "A mán de Santísima".

Pódense ir facendo pididos á "Irmandade da Fala", da Crñia de todas istas obras, pois as edicións d'elas agotáranse de confado, tanto pol-o mérito que encerran como pol-o artístico e luxoso da edición e pol-a baratura do seu preço de venda.

Ningunha casa editorial d'España ofrece volumes tan interesantes por tan miudo custe.

E n'isto, percisamente, fan fundado o éxito a "Biblioteca Galeguista", que axiña constituirá un gran negocio aparellado c'unha sana e nobre labor patriótica.

SACRIFICIOS PATRIÓTICOS

A Escola de Náutica de Vigo

O Goberno, acordou suprimir a Escola de Náutica de Vigo.

Fixo ben o Goberno. ¿Para qué percisan en Vigo unha Escola de Náutica?

A Vigo, abondalle con ter unha esprändida bahía e unhos paisaxes fermosos e unha situación xeográfica envexabre.

¿Escola de Náutica? ¿Escola de Pesca? ¿Para qué, vigueses, para qué? Contentádevos con un mal ferrocarril e c'un porto con muelles cativos.

Tamén o Ferrol, que é a primeira cidade departamental marítima da Iberia está illado de comunicacions, e vive tranquilo e feliz.

Como dicía o poeta, a Galicia ll'abonda con ser bonita.

E deixarvos de antipatriotismos. Deixarvos de pensar coma certos tolos que o comenente é ser primeiro galegos e depois españoles, único modo de resultar españoles verdadeiros. Deixarvos de pensar si Galicia, independente ou unida a outro país, tería un progreso fondo e rápido. Sede españoles incondicionáis. E non diades creto ós que din que iso da incondicionalidade é unha parvada porque inda no seo da Natureza todo resulta condicional; incruso as relacións entre pais e fillos...

Moi españoliños, moi españoliños...

E nada de protestas. Ao berro de ¡Viva España! dade o gran exemplo de mansedume patriótica de pidire que na costa do Manzanares s'estableza a Escola de Náutica que vos levan a vós, e outra de Pesca no estanque do Retiro.

Obrígavos o patriotismo a pechál-a boca.

Novas da causa

O domingo, 9 de Febreiro, os nacionais da Crñia, fixeron dous mitis: un na vila de Sada e outro na cidade de Betanzos.

En Sada, falaron na mañá do dito dia na Sociedade de Defensa Vieiral, os irmáns Vilar Ponte e Peña Novo.

No teatro A fonseca de Betanzos, pol-a tarda ante un público numeroso que enchiu completamente o local, dispóns da presentación dos

ouradores que estivo a cargo do 2.º conselleiro da "Irmandade", brigantina, falaron Xosé Ares, Sarmento, Branco Torres, Vilar Ponte e Peña Novo. Todos dixerón fondas verdades patrióticas, expresándose nun xelito radical que o público acolleu con muitos aplausos.

Logo do mitín, os irmáns da Crñia e os de Betanzos dirixéronse o domicilio social da "Irmandade", d'aquel pobo, levando as banderas d'emtrambos orgalismos por diante e celbando vivas a Galicia autónoma e berros de Terra a Nosa!

Entr'os irmáns da Crñia iban algunas donas da selección feminina crñesa que, xuntas coas de Betanzos foron agasalladas con un lunch.

Denantes de dirixéronse á estación os nacionais crñeses, corearon na compañía dos betancelos o himno galego, que a banda de música tocou no kiosco da praza no seu honore.

Todo isto, tan público, tan notorio, foi silenciado por tod'a prensa da Crñia. Por toda... sin escrupulos. Nada más elocuente e vergonoso.

* * *

Ramón Cabanillas, o gran poeta, dou unha notabre conferencia nazonalista no "Círculo d'Artesanos de Pontevedra".

Conquiereu muitas gabanzas pol-o seu patriótico traballo.

* * *

A "Irmandade da Fala", de Santiago da que é conselleiro maior, noso querido amigo Vázquez Enríquez, conforme o acordado no mitín feito derradeiramente na Sociedade Económica, organiza unha serie de conferencias culturás.

E Ximíño, o parvo de Ximíño, dí que o único serio que temos en Galicia é o Instituto d'Estudios Gallegos do "Círculo d'Artesanos", da Crñia.

Si agardamos polos froitos d'ise Instituto...

* * *

A Selección de Declamación do "Conservatorio nazonal do Arte Galego", ven traballando no ensaio da xenial comedia de Shakespeare "As alegres comadres de Windsor".

Axiña poráse tamén a ensaio "A mán de Santísima", de Cabanillas.

E outras de notabres escritores.

* * *

A pintura galega sigue acusándose brillantemente. Arturo Cersa, que é un grande artista, conquiereu un éxito xusto na Exposición de lenzos seus todos fermosos que fixo agora na Crñia.

A nosa sincela embora.

* * *

Xi son muitos os artistas que se comunican en galego entre'eles e os seus familiares.

Palacios, o gran arquitecto, honra da nosa raza, dirixiu cartas a Castelao escritas na Huga de Rosalla.

Manolo Quiroga tamén ós seus pais lixe escribe en galego.

En galego escriben Sobrino e outros varios

pintores, escultores, escritores así como doutos catedráticos.

* * *

Victoriano Talbo, un dos millores poetas galegos, na compañía d'unhos poucos gallegistas entusiastas, pol-a comarca d'Ortigueira, anda traballando rexamente a favor da nosa causs.

Talbo, dando un bo exemplo, somente n'unha xornada pronunciou tres discursos en tres lugares diferentes.

Polos poetas, polos artistas, polos literatos, polos catedráticos e polos labregos e traballadores das vilas, vira a rosa redención.

Os ricos e a maoria dos comerciantes siguen en barbelo coma dixerá o inolvidable Porteiro.

* * *

Namentres n'algúns boletín galego da Habana, non se din mais que parvadas, xeneralmente, orredor da propaganda gallegista, en Bsenos Alres hal un forte núcleo nazonalista e en Rio Janeiro vense fundando outro cheio de conscientia.

Ninguén debe falar do que non entende, doutor Lago da Habana. E vosté vive na hora.

te de xugos gástricos, os que baixan o cerebro ó nivel do páncreas.

Non hay en Galicia outros valores: Aqueles y estes. Deuses: escollede.

Hespaña, separatista

¿Quén fala de separatismo? Aquí non hay mais separatista que España. Ela encarna o separatismo dos homes, n'unha emigración vergoñosa e denigrante, e o separatismo dos espíritos, n'un réxime de oprobio, de incultura e de inercia. O Estado hespanol—compre decilo d'unha vez pra sempre—é o qu'enxendra o separatismo, e o que fai odiar a Hespaña. Mientras o mundo se transforma e olla novos rumbos, en Hespaña non hay mais que touros e artistas de varietés, Belmontes, Mari Foselas, Romanones, Datos, Sánchez Guerras, e outras otras antidipluvianas, outras especies paleontológicas.

Nós, que non queremos vivir ó marxe da civilización, loitamos por unha Galicia culta, libre, soberana, grande, aclimatada no mundo europeo.

O exemplo de Granada

Xa no chan andaluz xurdíu o primeiro chispazo das almas ateigadas d'esclavitude e arelantes de libertade, vida outa e fecunda. E tamén os fusis dos rebaños asalariaos, que endexamais saben en Hespaña pôr a puntería ó nivel d'un ideal, fixeron rodar pol-a terra, encapotados en sangue fratricida, a homes que encarnan, porque son a xuventude, a redención e a espranza d'un povo esnaquizado no corpo e lixado no espírito cos mais fondos estigmas.

¡Ben, sin embargo, moi ben, ouh cibdade andaluz! Esa chispa prenderá na Hespaña toda, ese sangue pode ser o paramento da cibdade do porvir, esa santa rebeldía contra o caciquismo que fai da Península un zoco marroquí, é a millor, a mais orgullosa executoria das xeneracions que nacen e que loitan.

N'outros povos conqueríronse as liberdades e foron realizándose os dereitos dos homes por medio da evolución, e inda fixo falla unha guerra terrible pra chegar ó máximo dos adiantos humanos. Aquí, onde ainda vivimes nos tempos mais escravos, soio a revolución pode ter unha eficacia decisiva. E o único camiño. E o único dilema: ou revolución ou de cote unha realidade noxenta e indignante, incompatible co'a mais nobre facultade do espírito humano: a libertade, e co seu mais sagrado atributo: o exercicio do derecho, na cibdade e na relación universal dos homes.

Aquí non abrangüemos ainda o mais

Facetas d'autualidade

O xeneral alritado

Un xeneral do Exército hespanol, facéndonos lembrar d'aqueles coroneles dramáticos que votan tronos e relámpagos e petan con os pes no chan con estrompido de cataclismo, dixo que había que arrasar a Barcelona. Eso parécenos ben, porque Barcelona, sendo como é o único núcleo consciente da Hespaña, a única força espiritual e cibdadana, o único orgo de eficiencias europeas dentro d'este conato de Estado onde exhiben, como n'unha exposición tióxica, as lisiaduras morales e físicas dos seus homes representativos; sendo eso Barcelona, hay perigo inminente de que se defrube o tinglado a cuia soma teñen mantenza os parásitos, os desaprensivos e os analfabetos espirituás.

Pro coidamos que sexa difícil arrasar unha cibdade como Barcelona, sóbor todo por un xeneral, por aquello de que a falla de función atrofia o orgo, e ademais porque, ainda estando bastante adiantado, dempois da guerra que acaba de finar, o arte técnico do arrasamento, os xeneraes que así falan non teñen en conta que as cibdades d'hoje son de pedra ou de la- drillo, ncn de táboas niu de guano, como aquelas de Cascorro.

E falando de todo un pouco, ¿en nome de quén falou ese xeneral? ¿En nome das nais a quén lle arrancan os fillos pra levalos á folganza e á humillación, inda que necesarias, molestas? ¿En nome d'un Tesouro nazonal enxoito, a pesar dos tributos quepesan sóbor do povo hespanol como lousa de ferro? ¿En nome d'unha crás qu'e un censo impracabre prá tristeira pobreza d'un povo cargado de trabucos e orfo de ideais redentores?...

«Viva Hespaña!»

A simplicidade mental castelanista é in-

curable: velai a vella e tráxica estepa, as llanuras pardas estériles, sin froil nin froito. Cando se fala de libertade, non entende; cando se fala d'algo serio e transcendental, fica muda. Pero, esperade: ante as pernas de Mari Focela ouvea como se o pasmo da luxuria levaia o seu fogo dende a columna vertebral, ós beizós: e cando a artista cativa da un grito, como n'unha orixa de bestas, o barullo ten acento d'algo apocalíptico. E n'esta atmósfera en que cheira a lama e a bestas en celo, xurde un «¡Viva Hespaña!»

¡Pobre raza escrava e decadente!

A divisoria.—Os dous valores

Algunhas xentes din que nós somos poucos. E verdade. Si foramos moitos devantes de agora xa Galicia estaría redimida. As reivindicacions dos povos foron feitas sempre polos menos.

Pro cada vez somos más. E si non somos todos en Galicia, é porque a concencia individual e colectiva está morta, afogada por un consuetudinario réxime de escravitude social, política e económica. ¿Cómo ibamos a ser más? Ben comprendemos que eso non pode sere, e a nosa actuación ó que mais tende é percisamente a libertar os opresos e desesmorecer o orgo da cibdadania gallega.

Expiricase, comprendese que n'un ideal de libertade e dignidade—porque tal é a cuestión—haxa xentes que se inhiban, que permanezan ó marxe sin remordemento da concencia? E verdade, sí, é verdade, y-esto é sóbor todo o que debe pór nas nosas conviccions outos coraxes e na nosa aición ispiración de apostolado.

E temos que facer unha divisoria: A un lado os que viven do espíru, as almas que se ateigan de iluminación de infinito, os bos e xenerosos. A outro lado os que viven do estómago, os que saturan a men-

mínimo nas ideas, o que n'outros povos fai longos anos e unha vella realidade: todo o territorio da Hespaña é como un cementerio onde as voces do mundo s'afogam por non poderen romper o frío silencio da morte.

Povo de Granada: ti xa eres inmortal! E vos, todos os povos da Hespaña, qué facedes? Soio a revolución podrá salvar a esta terra onde os mais, pero os peores, non queren redimirse. Povo de Galicia: os tempos son chegados. ¡Que arda a rexión pol-as catro bandas do seu espirito! Ou unha Hespaña grande con cidadás libres, ou un fato de oligarcas e malvados con todas las chagas da corrupción e do aldraxo!

ROBERTO BLANCO TORRES

CANTOS DE REBELDIA

A fouce d'o labrego

Irmans, irmans!
Ergued'a fouce,
trincad'os dentes,
mirai con rábea a certas xentes.

Irmans, irmans!
Hai quen desexa aló en Castela
vervos escravos;
baixad'a fouce,
pechad'os ollos,
dai golpe seco, dai golpe recio
sob'os tiranos.

Irmans, irmans!
Xa ó dixo Costa, qu'era un rebelde, qu'era un león,
na vosa fouce,
ina santa fouce d'os aldeans
está razón!

XOSÉ BRAVO COLLAZO.

A Cruña, 1919.

Porque nevou na serra de León, as comunicações telegráficas e telefónicas e os trens, ficaron interrumpidos, e a nosa Terra illada do resto d'Hespaña por unhas datas.

Com'a outra vez Galicia resultou tristemente independente. E os diputados galegos do soado bloque cuneiril, coma lacayos dos grandes oligarcas centralistas, calados

Si houbese o ferrocarril da Costa, ises vergonhosos illamentos non poderian darse. Ben o sabe a Compañía do Norte, esa Compañía que nos trata—e fai ben xa que lle deixan—pior que a colonia de negros.

¿Cando teremos dinidá, galegos? ¿Cando non mereceremos o nome d'eunucos?

As neves nunca illaron a Cataluña e a Euskadi.

Berremonos humildiñamente, coma escravos:
i Viva Hespaña!

ENTRE LUSCO E FUSCO

Fume

Entr'as armuñas
Da canción eterna
Que os veigales cantan nos atardeceres,
Dormen as casupas da escondida aldea.
Mística quietude
Nos espazos reina,
Capas de coores o paisaxe esmaltan,
Runflas de sonidos pol-o val se celban,
Brinca a lus nos ares
Sempre buldeira,
E-en xirós o fume sal pol-os tellados,
Como unha solemne campesiña ofrenda.
Grave e silencioso
Rube da lareira,
Onde os potes ferven a carón do lume,
Mormulando historias de miseria e penas.
Rube maxestoso,
Sóltal-as güedellás,
Como unha pantasma que impalpable e muda
Se retorce en voltas pra fuxir da terra...
Rube ent'os acordes
Da rural orquesta
Que os outelros inza de rumores vagos
E-as comarcas enche de sonatas melgas,
Con ruxir de follas
Que nas ábres treman,
E renixer de carros que dos eldos volven,
E fungar de pinos que nos montes rezan...
Hal pol-os currunchos
Durmiñar de sesta,
Hal pol-as congostras rebullir d'idíllios,
Hal pol-os outeiros recender de terra...
Sonan as campañas,
Lingoas das igrexas,
Anunciando o toque d'oración que estende
Pol-os vals adiante felizes de tristeza,
Volven os labregos
De labral as eiras;
Pol-as corredoiras, oise o aillalala,
Fonte de saudades, nido de poemas...
E no máis augusto
D'esas horas melgas
En que a sombra trunfa baixo os carballaes
E-en que a lus vencida fuxe e s'escorrenta,
Brancas fumeiradas
Saen das aldeas,
Bicos misteriosos de almas vexetaes
Que en silencio se aman e-entre si se beixan...
Nos leirós dos agros
Dorme a sementelra,
Esperando a forza do poder sagredo
Que ha de despertala pra normal nacencia;
E por entre soutos
Que o val arrodeen.
Audan mesmo a tombos os xirós do fume,
Cal si non quixeran escapar da terra;
Andan recollendo,
Pol-as follateiras
Canta poesía gardan os paisaxes
Entr'as rumorosas longas alboradas.
Son as fumaradas
Conque nas aldeas
Póñen de cotío término ó traballo
Como culto enxebre da Naturaleza

E o sagrado fume
Que consigo leva
Tódol as tocatas dos soantes campos,
Tódol os cheirumes das u'intes velgas.
Tódol-os arrulos
D'esta melga terra,
Tódol-os suores d'esta raza forte
Que traballa sempre como raza serya...

GERARDO ALVAREZ LIMESSES.

LIÑAS DE LOITO

Noso distinto amigo e correligionario d'Arzúa, don Xesús García, sofre unha fonda pena. Vítima de treidora doença acaba de perdere un dos seus fillos.

Inda que a «Irmandade» da Cruña llenviou un mensaxe de pésame agarimoso, cúmprenos facer público n'estas liñas o testimoño de sinceiro doce conque o noso corazón asóciase ó fondonísimo de que hoxe áchase ateigado o señor García, irmán na causa santa da redención galega.

DINIFICANDO A LINGUA

Lousada Diéguez en Vigo

Noso ilustre amigo e querido irmán Antonio Lousada Diéguez, catedrático de Filosofía no Instituto d'Ourense, dou na sociedade de Vigo, «La Oliva», a sua anunciada conferencia sobre «os idiomas e o nazonalismo».

Limos as reseñas dos xornás vigueses e por elas decatámonos do notabre que foi, como agardábamos dos seus talentos e da sua fonda cultura, dita conferencia.

Lousada Diéguez, que na nosa historia contemporánea figurará coma presidente da primeira asamblea da nazón galega feita en Lugo, falou no idioma patrio ó público de Vigo.

Dispois de Lousada Diéguez disertarán na mesma sociedade o xenial catedrático Vicente Risco e o cultísimo xurisculto Noguerol, entrambos nazonalistas e colaboradores na Asamblea de Lugo.

A nosa embora ó querido irmán Lousada Diéguez.



Dispois d'escripto o que vai enriba, vemos que os señores Risco e Noguerol, deron tamén suas conferencias en Vigo. O primeiro tratou maxistralmente do «rexionalismo, do nazonalismo e do cosmopolitismo». O segundo con fonda elocuencia dos problemas económicos de Galicia en

relación c' o nazionalismo. Todos falaron en galego.

Logo de darles gracias ós conferenciantes, o señor Quintas, presidente da *Oliva*, dixo: «Como non quero que os señores Lousada, Risco e Noguerol leven da nosa cidade ningún amargor, desexo que conste que o valeiro feito pol-o *Faro de Vigo* á brillante e aleicionadora conferencia pronunciada n'este local pol-o señor Risco, nada di do criterio que a sua disertación lle teña merecido ó noso pobo que sabe apreciar tod'o talento do catedrático da Normal d'Ourense. No nome da *Oliva* protesto, pois, contr'o silencio c' o que ise xornal acolleu un acto de cultura tan importante».

¡O *Faro de Vigo* facéndolle o silencio a Risco! Cando darán os bos galegos da provincia de Riestra unha proba de senso común, deixando de ler xornal tan parvo, tan cativo, tan mal feito...o pior feito de Galicia. Si a burra de Balaam volvera ó mundo podería dirixir o *Faro*.

E que nos disimulen os redaitores d'ese xornal, pois eles non teñen culpa das parvadas da dirección.

Os agrarios pol-a autonomía

O día 26 de Xaneiro, celebrouse pol-a iniciativa de D. Andrés Sánchez e Gómez Adanza, unha grandiosa Asamblea autonomista galega, na que estiveron representadas tódal-as sociedades da Federación d'agricultores do partido xudicial de Padron.

Foi un acto de transcendencia. Pidiuse a autonomía municipal e rexional e a cofacialidade do idioma galego, entr'o maior entusiasmo.

¡Terra a nosa!

Política española

Todo Granada protestou de xeito enérxico e atelgado de cidadanía contra dos caciques garcipriétistas—o alcalde e o gobernador d'aquela provincia.

A Goberno, mantivo os caciques nos seus postos a maior gloria das roxentas oligarquías patrióticas defensoras da *integridá nazonal*, hasta que houbo vítimas; hasta que a política do mauser, firen a varios homes e matou un estudiante da Universidá.

Entón, fixo dimitir o alcalde e o gobernador.

Romanones é responsabilizado d'esa tragedia, porque desoyeu as protestas de tod'un pobo posto en pe.

Pero na Hespaña da Restauración e dos po-

líticos do turno, ningún ministro foi levado á barra.

¡Qué país!

Dia que os conservadores querer o Poder.

Que llo déu. E o mais patriótico. ¿Non se han demostrado que na Hespaña—peso a canto—levan pagado sin dúbida os españoles—niñ hal Cultura, niñ Enslío, niñ Comunicacions, niñ Exército, niñ Marifia, niñ Sanidá, niñ Xusticia, niñ nada?

Pois xa vedes si temos ou non cousas que conservar en Hespaña.

El Rei tan patriota, dándolos o poder ós conservadores n'esta ocasión, acabará c' o separatismo.

No interior e no exterior impónse siguiremos no *status quo*. Tódolos «Crispis», pensan d'este xeito.

Peneirando...

Estamos parvos.

Urzaiz, cando fai dous anos estivo na Cruxía, dixo que él era un antirexionalista convencido.

Agora mostrouse no Congreso partidario de Cataluña.

Este D. Anxel...

Dos arrepentidos e o Ceo. Tódolos grandes santos escomenzaron sendo grandes pecadores.

Ben, ben pol-o Sr. Urzaiz. O menos, xa temos un diputado galego, o diputado por Vigo, que simpatiza co'a autonomía integral.

Vigueses, o voso representante nas Cortes merece un homenaxe.

Con premiso de Ximéñez.

Xa temos un anxel...

■ ■ ■

Gómez Carrillo—nomedado cruxiés adoutivo, quizais porque aldraxou ós galegos no prólogo d'aquele famoso libro d'un franchute—salu d'*El Liberal*.

Prova de que os xornás noxentos do trust van camiño da morte.

E agora é colaboradore do *A B C*.

Gómez é un vivo, pero Torcuato pasa de cuco.

Xa se conoce que trunfaron os aliados...

■ ■ ■

Xaimiño, segundo dixo *El Orzán*, xornal moribundo, peso ós balós d'oxígeno que lle vefiu aplicando, botado d'*El Sol*, escomenzará agora a escribir as suas parvadas no *A B C*.

Andaba moi nervioso o fabricante de novelas vígués e fixose cliente das augas de azahar, marca "La Giralda".

Afortunadamente no *A B C* escribe tamén o ilustre irmán Aurelio Ribalta.

■ ■ ■

Alba, Gasset e os mais caciques castelás están de norma.

A moedá intelectual de Castela, xuntada en Salamanca, costituiu un gran partido rexionalista que simpatiza c'os catalás e sinte fondación entre os vivos das Diputacions provinciais do Centro.

Castela erguese tamén para residenciar os vellos partidos da Restauración.

E Granada protesta contr'os garcipriétistas.

E na comarca d'Ortigueira mallan en mitis, amigos nosos, c' o gran poeta Taibo á cabeza, no caciquismo do sobrino do tío Manolo.

E os nazionalistas d'Ourense van escomenzar unha propaganda rexia.

■ ■ ■

Un Cobán foi elixido diputado por Xetafe. As dinastías dos perpetuos reconsagrados non s'acaban.

A político morto, irmáns, fillos, sobrinos e xenios e pasantes postos.

¿Cómo han de querer, pois, a autonomía os ol'garças dos partidos do turno?

E' es dín ben: ¡A autonomía voilá l'enemie. Para eles o réxime autual e bón. Como son bós os cordeiros para os lobos e as gallinas para o raposo.

Os que non estamos conformes somos os cordeiros e as gallinas...

■ ■ ■

Os mallorquins dirixironlle un mensaxe ó Sr. Maura, aconsellándolle que non sirva d'estorbo ás arelas de Cataluña, que son as mesmas das Baleares.

Os peisanos de Maura deferden o seu idioma e todas as características da sua raza.

Pero Maura, entretido no pensamento d'una nova frase ou no ensaio d'algún xesto novo, faráxe o xordo.

■ ■ ■

Os galegos escomenzaremos a crér en Maura, cando vexamos que Maura libra a Galicia de caciques com' o seu parente Moral de Calatrava, Osma e Figueiroa.

Mientras en Trives haxa cacicazgo mautista, o mesmo que en Monforte e na Cruxía e Pontedeume, Maura será un dos políticos da Restauración.

¿Está cráñio?

■ ■ ■

Foi nomeado corresponsal telegráfico d'*El Sol* na Cruxía o notabre poeta D. Eladio Rodríguez González.

Alegrámonos muito, abefé.

Vínamos fúrtos de ver com' o idoneísmo tiña unha peneira parcialista para as autuacions dos gallegulistas.

E nos xornás do vello réxime, iso era froito corrente. Pero n'un gran xornal moderno, non.

■ ■ ■

Ferrol, a primeira cidade departamental marina d'Hespaña, despois da guerra europea, en preto século XX, continúa illada ferrovialmente, coma na edá media.

Porque o ferrocarril caseiro que vai hastre Betanzos non s'afilia nada.

E Ferrol, e a comarca ferrolán, tan patriota, tan castelizada, tan... tarantán.

E coma Ferrol, Ortigueira e Viveiro.

E todos—repitindo a lección que lles ensinaron os cunellos e os seus criados—afirmaban que Cambó tivo a culpa de que se non fixera aquela tifia de ferro.

¡Ai escravos de García Prieto e de Alba, que parvos sodes!

Mercedes tódolos atrasos materialís, xa que ideolóxicamente vivides no limbo.

■ ■ ■

AI galeguinhos que dan noxo mesmamente. ¡Qué froitos tan apodrecidos produce a nosa raza, de cando en candol!

Linares, o comedígrafo e senador, sirvin-dolle d'amauense—según dín—á fácesada

Mary-Focela, escribindo unha carta que firmou ela no *Imparcial* noxento...

Viguri, o cursi e ridícolo acólito de Basada, ergiendo a sua voz no Congreso contra da libertá de Catalufia.

Dalmacio Iglesias, botado do xamisimo polos seus colegas catalás por terse oposto ó Estatuto da Mancomunidade.

Emiliano Iglesias dicindo en Barcelona: "eu como hespafiol e castelán..." (Pol-o menos non se chamou galego)

E o marqués, cacique máximo de Pontevedra, segúns os xornás de Lisboa, axudando ós palvantes a matar a República portuguesa.

Cando haberá unha Galicia diua que lles faga roer a terra a estes desleladados que nos poñen no ridículo!

Porque, para colmo, hasta dous galegos tiveron que ser quenes acompañasen a Lachica ó Congreso: Millán Astray e Bascia.

■ ■ ■

O "ABC", este xornal madrileño mafisto-félico e pesado, orgo do fabricante de xornás que se chama Luca de Tena, ven de patro-telro que mesmo da risa.

Fora da pluma de Flórez, todal-as demais son de gansos naquela casa.

All está ben Xalimio o analfabeto espiritoal e o home mais ridícolo da nosa Terra. ¡E que de bestadas dí, meu Deus!

All está ben, tamén, ese Martínez da Riva que agora na *Voz de Galicia*, coma o mosquito do sono, fal dormire ós que o lén.

■ ■ ■

Uu siñor arrivisfa, moi rexionalista e moi todo o que contribuía a darlle un acta, inda que seña por Betanzos, dende un xornal da Cruxia que se chama galeguista díños que combatiu ideas sanas do noso admirable irmán Aurelio Ribalta.

O siñor Asubia (traducide ó castelán a verba) fal tempo que está desenmascarado.

Quere pescar troitas no Mandeo dende a villa-charca-cortesana sin mollar os pes.

Rols as troitas galegas teñen molta escama.

■ ■ ■

Cando Rahola negou no Congreso que fose certo o que os militares non poideran sair á rua de uniforme, en Barcelona, por temor a que os non respetasen, o ministro da Gobernación dixo:

"Non fat falta; xa se farán respetar eles." (Grandes aplausos en todos los escenarios dos diputados dos partidos do turno).

Entón Rahola, interrumpeu: "As palabras da sua sifioría van contra do Poder civil." (Rumores más fuertes en el Congreso).

¿Queredes algo mais definitivo e vergonoso, leitores? Témol o ben visto:

Ou o residenciamiento de todos los políticos que gobernaron desde la Restauración a hoy, ou un troque de réxime, ou pensar en sermos ciudadanos de otro país.

Tipográfica Obrera.—Socorro, 3

Farmacia Europea

— DE —

López Abente

REAL, 55

A millor surtida da Cruña e un dos establecimientos da sua crase que mais honran a Galicia. Montada con arreglos ós derradeiros adiantos.

Obras de Leandro Carré

Contos e diálogos, 60 céntimos.

Tolerías, 50 céntimos.

Pedidas nas boas librerías, ou ao seu autor, San Roque, 6, 2.º, enviando 25 céntimos mais para serem remitidas por correo certificado.

SASTRERIA

— DE —

EMILIO MUÑIZ

TRAXES ULTIMA NOVEDAD

Neste acreditado establecimiento fanse traxes á medida con arreglos á última moda e a prezos económicos.

ESMERO E PRONTITÚ

CONTA CON BOA CLIENTELA

CABALLEROS, 116, BAIXO

A CRUÑA

HOTEL CONTINENTAL

Castelar, 8 e Olmos, 28

O MELLOR SERVIDO

— DE —

M. LOSADA PRADO

A CRUÑA

— Adeus, Foco.

— Adeus, Xan.

— Pra onde vas.

— Bouche pr'a casa do noso irmán,

A. Gude, a Rua Real, 59, 1.º, a faguerme un traxe d'aqueles quél fal fansos e xelosos.

Os viños e coñas millares

son os qu'elsporta a casa de PEDRO DOMEQ, de Xerez da Fronteira, fundada en 1737. A casa más antiga de Xerez.

O vermouth más selecto

de mundial e reconocida sona é o ZINZANO (Torino).

O Anís do Mono

é un einspréndido licore sin rival

Pra viños de mesa

non hai outros com'ós dos cosecheros elsportadores Sres. R. LOPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: Pazo da Equitativa.—MADRID.

REPRESENTANTE EXCLUSIVO: (matriculado) de todas istas marcas

José C. Juncosa

Galera, 39 1º e 41-2º piso.—A CRUÑA

Falso cárrego de todas las clases de trabajos gráficos, en imprenta, litografía e fotografiado, así como sellos de caucho

FRÁBICA DE BOLSAS DE PAPEL
DE TODAS CLASES
FOTOGRAFIADO

Teléf. 434

A CRUÑA

BARREIRA, 7

A NOSA TERRA

**FRÁBICA MECÁNICA
:: DE CALZADO ::**

— DE —

ANXEL SENRA**RÚA XUAN FLÓREZ**

**Depósito: Cantón Grande, 15
A CRUÑA**

**LA MODERNISTA
GRAN SALÓN DE BARBEIRIA**

— DE —


RAMOS E ACEA**San Andrés 94, 1.º—A CRUÑA**

Estabreimento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfeción e todolos aparatos hidráticos. Especialidade en lavabos de cabeza, loclos e friclos de todas clases.

Nota: N'este estabreimento atopará o público un servicio permanente a cargo dos seus propietarios, antigos dependentes das más importantes peluquerías, desta capital.

LEUTORES:

Quen queira ter un traxe bñ e xeloso, e que lle coste pouco dinheiro, qu'ó faga na xastrería de

Xosé Varela**CIRCO, 16 - BAIXO — VIGO****COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE****VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE****Servicios directo desde o porto da Cruña****LINEA DE HABANA A VERACRUS**

Prezo en terceira á Habana,
Veracrus

Ptas. 298 60
313 60

Facilitanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba polo prezo de Ptas. 35. Os emigrantes e todolos equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía. Para toda clás d'informos sóbor de datas de saída, prezos do paxase e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

D. Nicandro Fariña**Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo**

NOTA.—Quedan sin efecto todalas tarrxetas de visita, pois non se deixa entrar a bordo.

GRAN FONDA**Las Cuatro Naciones****Sa Andrés, 102.—A CRUÑA**

O novo dono d'ista fonda, no seu desejo de mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes reformas.

Xántase ben, e os prezos están ó alcance de todos.

H. LA PALOMA

— DE —

Ramón Morandeira

Este espréndido establecimientó, situado no nos más céntricos da poboación, axeitado á eutura dos millores da súa cras, conta con espazosas e alreadas habitazons, boa e abundante mesa, un servizo puntual e esmerado, e asistencia facultativa polo enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 — Santiago**Abonos Químicos Mineraes**

Cementos, Sulfato de cobre, Azufres, Caldo
bordeles ROUCH

Rexenerador ROSTTAM pra os animais
debiles, pra que as galifas pofian más hovos,
etcétera.

Pidanse prezos e condizós a

Fernández, Fano y C.º—A CRUÑA

**Consultorio Médico-Quirúrxico
J. Lastres**

Consulta e tratamento d'as enfermedades
en general

ESPECIALIDADES

Piel, (incluso cáncer, lepra, lupus, e úlceras
atónicas).—Peito, Estómago, Anemia
Reumatismo, Artritis deformantes
Neuralgias, Arterio-esclorosis, Paralisis

Electroterapia, Aeroterapia, Seroterapia, Análisis

RAYOS X

Gabinete I sioterápico: Consultas de 10 a 12
Tratamentos e prezos a horas convencionaes
Non se fai asistencia aos fogares
Praza d'Outense, 2-1.º (esquina a Picavia)

A CRUÑA**VIÑOS FINOS****RIOXA - MEDOC****Felipe Ugalde - Haro**

Concesionario en Galicia:

WALDO LOSADA - A CRUÑA

a nome de quen deben vir os pedidos da Rexión

Gran H. Universal**Rúa da Reina (da Raiña), 21—LUGO**

O MÁIS NOVO E O MILLOR

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa pra todolos trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado